

PROTOCOLO COVID-19

CEIP San Martiño



EQUIPO COVID

INTEGRANTES: Patricia Sampayo, Cristina Osorio e Placer Alonso.

COMUNICACIÓN: A confirmación dun positivo COVID-19 só se porá en coñecemento das integrantes deste equipo a través de chamada telefónica a 886151541/42 ou vía email a ceip.sanmartinho@edu.xunta.gal. Non se iniciará ningún protocolo para este caso, pero si poderanse dar recomendacións.



ENTRADAS E SAÍDAS

Por organización do centro, continuarase coas entradas e saídas escalonadas ata final de curso e coas familias esperando polo alumnado fóra do centro educativo.

ENTRADAS A PARTIR DAS 9:20H.:

Educación infantil:

- O alumnado de 4º ocupará o patio de infantil e entrará pola cancela principal.
- O alumnado de 5º e 6º ocupará a entrada superior e entrará pola cancela norte (comedor/plan madrugá). Ocuparán o lugar que lles corresponde, segundo o seu curso.

En caso de chuvia, todo o alumnado esperará no interior do centro educativo sen acompañante familiar. A entrada, neste suposto, farase pola cancela norte e a porta de Ed. Infantil.

Educación Primaria:

- O alumnado de 1º, 2º e 3º ocupará a pista inclusiva.
- O alumnado de 4º, 5º e 6º ocupará a pista polideportiva.

Todos os cursos entrarán pola cancela principal sen acompañante familiar.

En caso de chuvia, todo o alumnado esperará no interior do centro educativo e entrarán pola porta principal.

SAÍDAS ESCALONADAS A PARTIR DAS 14:20H.:

- Educación Infantil: todo o alumnado sairá, escalonadamente, pola porta de Ed. Infantil e pola cancela norte (comedor/plan madrugá). As familias esperarán a que saian os seus fillos/as no lugar correspondente, mantendo as distancias.
- Educación Primaria: todo o alumnado sairá, escalonadamente, pola porta principal do centro educativo e cancela principal. As familias sempre esperarán fóra do recinto.



USO DA MÁSCARA

A máscara xa que non é obrigatoria nin ao aire libre nin no exterior para ningunha persoa, aínda que no interior si é aconsellable o seu uso.

Sí que é obrigatorio o seu uso no transporte escolar ou nos autobuses cando se realiza algunha actividade complementaria ou extraescolar.

O uso ou non da mesma rexerese pola lexislación vixente e posteriores actualizacións e recomendacións.



GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA

- **Educación Infantil e Educación Primaria:** os grupos estables de convivencia poden interactuar entre si tanto en espazos exteriores como en interiores, excepto no comedor escolar, no cal que se manterá o grupo estable de convivencia.

EN AMBAS ETAPAS:

- Está permitido compartir obxectos tanto dentro do grupo de convivencia estable como entre aulas de diferente nivel, asegurando unha axeitada hixiene de mans.



XESTIÓN DOS CASOS

A xestión de casos e contactos realizarase acorde á Estratexia de vixilancia e control fronte á Covid-19. (Na actualidade o centro educativo non ten que realizar ningunha xestión)

Se algún alumno/a ten síntomas agudos compatibles ca COVID (ou outra enfermidade infecciosa aguda e potencialmente transmisible) se recomenda a NON asistencia ao colexio.

OUTRA INFORMACIÓN



- Cando se organicen almozos ou merendas estas serán ao aire libre. Se se realizan no interior, seguirase o establecido nos comedores escolares.
- Nos actos de graduación/ fin de curso/ ou outros que se poidan desenvolver no centro educativo, seguiranse as medidas de prevención fronte a Covid-19 para eventos culturais na comunidade autónoma.
- Se necesitase realizar algún procedemento administrativo no centro, deberase esperar a finalizar a entrada escalonada de todo o alumnado a partir das 9:30h.